

TEMPORADA

2013

2014

CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO

DOSSIER DE PRENSA

PRODUCCIÓN PROPIA
COPRODUCCIÓN
COLABORACIÓN
SALÓN TEATRO

2013
2014

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. Agadic
Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

producción propia	04
coproducciones	18
colaboraciones	26
salón teatro	30
espectáculos	
venda de entradas	

PRODUCCIÓ


ON PROPIA

PRODUCCIÓN PROPIA

LONGA VIAXE CARA Á NOITE

Estrea: maio de 2014

Comezo dos ensaios: febreiro de 2014



Autoría: Eugene O'Neill
Dirección e dramaturxia: Manuel Guede Oliva
Escenografía: Rodrigo Roel
Espazo sonoro, iluminación e vestuario: CDG

Eugene O'Neill, gañador de catro Pulitzer e premio Nobel de Literatura en 1936, é o pai fundador do teatro norteamericano moderno e este texto, *Longa viaxe cara á noite*, un dos máis célebres da súa notable produción literaria. Será esta a primeira ocasión, nos trinta anos de idade que cumprirá o CDG en 2014, en que a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia se achegue a unha literatura dramática tan fundamental na historia do teatro moderno como é a norteamericana.


Máis que calquera outro dramaturgo, O'Neill introduciu na escena estadounidense un realismo dramático que xa iniciaran Anton Chéjov, Henrik Ibsen e August Strindberg. En xeral, as súas obras contan con personaxes que viven nas marxes da sociedade e que loitan por manter as súas esperanzas e aspiracións, aínda que adoitan rematar desilusionados e caendo no desespero. Gustáballe explorar nas partes máis sórdidas da condición humana, indagar na soidade do ser humano, reconciliarse coa dor de vivir e encontrar aí un camiño de expiación persoal e de aceptación. Os seus personaxes vense atrapados por un destino común e nas relacións mutuas, sempre conflitivas, achan o sentido da existencia.

Nomes como Tennessee Williams ou Arthur Miller non poderían existir sen o antecedente de O'Neill e sen todos eles a nosa formación sentimental, fundamentada na condición de espectadores cinematográficos, sería dificilmente comprendida.

Aclamada pola crítica e considerada a obra máis completa e cumio de O'Neill, *Longa viaxe cara á noite* foi galardoada co premio Pulitzer póstumo ao ser editada pouco despois da morte do seu autor, a pesar de que as instrucións escritas deste estipulaban que as súas pezas non debían publicarse ata 25 anos despois da súa morte.

Con elementos da vida do propio O'Neill, este texto narra a crónica dun só día na vida dos Tyrone, unha familia norteamericana quebrada polas frustracións e os vicios: James, un actor de éxito e fortuna, que pasou a súa vida de escenario en escenario sen poder formar un verdadeiro fogar; Mary, a súa muller, presa dunha adicción imposible de desarraigal; Jamie, o fillo maior e alcohólico; e Edmund, o alter ego de O'Neill, un mozo soñador e romántico, pero enfermo de tuberculose.

Manuel Guede Oliva, director do CDG, ponse á fronte desta nova produción asumindo a dirección, a dramaturxia e a adaptación da obra ao galego, en tanto que o deseño do espazo sonoro, da iluminación e do vestuario serán levados a cabo polo equipo técnico da compañía pública galega. O inicio dos ensaios está previsto para o mes de febreiro e a estrea, a mediados de maio.



Eugene O'Neill

autor

Eugene Gladstone O'Neill (Nova York, 1888-Boston, 1953), gañador do Premio Nobel de Literatura en 1936, está considerado como o máis importante dramaturgo norteamericano. *Longa viaxe cara á noite* (*Long Day's Journey into Night*), a súa obra mestra editada postumamente en 1956, atópase na cúspide dunha longa listaxe de grandes pezas polas que acadou sona internacional.


O'Neill naceu no seo dunha familia de teatro. O seu pai, James O'Neill, era un afamado actor coñecido polo seu papel de conde de Monte Cristo na adaptación teatral da novela de Alexandre Dumas. A súa nai, Ella, acompañaba o seu marido durante as súas xiras por todo o país, descansando só de xeito momentáneo para o nacemento do seu primeiro fillo, James Jr., e de Eugene. Este último, de feito, veu ao mundo nun hotel de Broadway e pasou os seus primeiros anos de vida entre bambolinas, cuartos de hotel e vagóns de tren. A pesar de que rematará deplorando a inseguridade desa etapa da súa infancia e culpando o seu pai dunha vida familiar inestable, dura e azarosa —que provocaría a adicción ás drogas da súa nai—, o teatro corría polas súas veas. Ademais, durante eses anos, Eugene medraba entre o catolicismo de raíces campesiñas irlandesas do seu pai e o misticismo da súa nai, dúas influencias a miúdo en conflito, que quedan plasmadas na gran carga dramática das obras de O'Neill.

Tras ser educado en internados, asistiu durante un curso á Universidade de Princeton (1906-07), tras o que abandonou os estudos para comezar o que máis tarde rememoraría como a súa verdadeira educación na “experiencia da vida”. Pero durante os seis anos seguintes estivo moi cerca de acabar coa súa existencia. Embarcouse como mariñeiro, abandonouse á mala vida e ao alcohol nos peiraos de Bos Aires, Liverpool e Nova York, e acabou tentando suicidarse.

Xa recuperado, aos 24 anos traballou durante un breve período como reporteiro e colaborador na columna de poesía do *New London Telegraph*, labores que tivo que deixar ao enfermar de tuberculose. O seu confinamento no Gaylord Farms Sanitarium durante seis meses, nos que tivo a oportunidade de se enfrontar a si mesmo desde a sobriedade e o realismo, deu lugar ao que el mesmo definiría como o seu “renacemento”: comezou a escribir obras de teatro.

As súas primeiras pezas eran estraños melodramas protagonizados por prostitutas, delinquentes, mariñeiros solitarios e todo tipo de inxustizas divinas que, se ben eran temáticas habitualmente abordadas pola narrativa considerada seria, non se consideraban apropiadas para a súa representación nos escenarios norteamericanos. Un crítico teatral recoméndalle entón inscribirse en Harvard para asistir ao famoso curso de escritura de George Pierce Baker, circunstancia que lle ofrece a oportunidade de traballar de xeito constante e de se reafirmar no camiño elixido.

A súa primeira estrea como dramaturgo tivo lugar no verán de 1916 en Provincetown, onde un grupo de mozos escritores e pintores se dedicaba ao teatro experimental e produciu a súa peza nun acto *Rumbo ao Leste cara a Cardiff* (*Bound East for Cardiff*). O seu talento era evidente e, tras fundar a compañía Playwrights's Theatre en Greenwich Village, o grupo estrearía en Nova York varios das obras breves asinadas por O'Neill ata 1920. Para cando estreou en Broadway *Máis alá do horizonte* (*Beyond the Horizon*, 1920), O'Neill contaba xa cunha pequena reputación como escritor. O realismo trágico desta obra impresionou aos críticos e supúxolle o primeiro dos seus catro premios Pulitzer: os outros tres recibíunos por *Anna Christie* (1922), *Estraño interludio* (*Strange*



Interlude, 1928) e, de xeito póstumo, por *Longa viaxe cara á noite*. Nas dúas décadas seguintes a súa fama medraría progresivamente, tanto entre a crítica como entre o público dentro e fóra dos Estados Unidos. Tras Shakespeare e Shaw, O'Neill converteuse no dramaturgo máis traducido e representado.

A súa capacidade e compromiso co traballo eran asombrosas, de xeito que conta cunha produción moi extensa na que, xunto cos títulos xa mencionados, tamén destacan *O emperador Jones* (*The emperor Jones*, 1920); *O mono peludo* (*The Hairy Ape*, 1922); *Desexo baixo os olmos* (*Desire under the Elms*, 1924); *O gran Deus Brown* (*The Great God Brown*, 1926); *A Electra séntalle ben o loito* (*Mourning Becomes Electra*, 1931); *Terras virxes* (*Ah, Wilderness!*, 1932), a súa única comedia; *Chega o home de xeo* (*The Iceman Cometh*, 1946) ou *Unha lúa para o bastardo* (*A Moon for the Misbegotten*, 1947), un fracaso de público que, porén, a partir de finais dos cincuenta se verá como a súa mellor obra.

As súas pezas están escritas desde un intenso e moi persoal punto de vista, que deriva directamente dos efectos das súas trágicas relacións familiares: o amor tormentoso dos seus pais e a negativa influencia do seu irmán maior, que morreu por mor do seu alcoholismo. Mesmo nas súas últimas obras, a xuventude de O'Neill continuaba absorbendo a súa atención. Neste sentido, *Longa viaxe cara á noite* é unha obra claramente autobiográfica referente a ese período familiar.

A súa trágica visión da vida perpetuouse nas súas relacións coas tres mulleres coas que casou e cos seus tres fillos. O seu fillo máis vello, Eugene O'Neill Jr. (da súa primeira muller, Kathleen Jenkins), foi un especialista en Letras Clásicas pola Universidade de Yale, alcohólico, que se suicidou en 1950 aos 40 anos, mentres que a inestabilidade emocional do seu fillo máis novo, Shane (da súa segunda muller, Agnes Boulton), derivou na súa adicción á heroína e no seu posterior suicidio. A súa filla, Oona (tamén de Agnes Boulton), saíu da súa vida en 1943 cando a desherda por casar co cineasta Charles Chaplin. Ela tiña 17 anos e el, 54, como O'Neill.

En 1928 trasládase a Francia coa súa amante e logo terceira esposa, a actriz Carlotta Monterey. Dous anos despois regresan aos Estados Unidos e en 1936 converteuse no primeiro dramaturgo norteamericano ao que se lle concede o Premio Nobel de Literatura.

Tras numerosos problemas de saúde e o seu alcoholismo, O'Neill padeceu nos seus últimos anos grandes tremores nas mans, asociados a enfermidade de Parkinson, que lle impediron escribir. Tratou de ditar, pero resultáballe imposible crear dese xeito. Sen querer ver a ninguén —agás Carlotta e unha enfermeira—, retirouse á suite 401 do hotel Sheraton de Boston, da que non volveu saír. El aludiu ao feito de que empezou nun cuarto de hotel ao nacer e rematou do mesmo modo. Morreu o 27 de novembro de 1953, aos 65 anos.

A pesar de que as súas instrucións escritas estipulaban que as súas obras non debían publicarse ata 25 anos despois da súa morte, en 1956 Carlotta ordenou *Longa viaxe cara á noite* para a súa publicación. Outras obras editadas postumamente foron *Un toque de poeta* (*A Touch of the Poet*, 1958) e *Máis mansións maxestosas* (*More Stately Mansions*, 1967). Con parte dos cartos xerados por estes textos e seguindo disposicións testamentarias do propio O'Neill, quen desexaba mostrar o seu agradecemento ao país que lle concedera o Nobel, instituíuse o Premio O'Neill, que é outorgado cada ano polo Dramaten de Suecia.

*Información extraída da biografía de Eugene O'Neill publicada na web www.eoneill.com a partir da *Encyclopædia Britannica**




Manuel Guede Oliva

director

Manuel Guede Oliva estivo estritamente vinculado á escena galega durante toda a súa vida. Foi director do Centro Dramático Galego desde 1991 a 2005. Autor, tradutor e director de producións de gran calidade e de moito éxito dentro e fóra do noso país.

Comezou a dar os seus primeiros pasos como dramaturgo na temporada 1973-1974, cando co texto *O cume* foi finalista do concurso de obras teatrais Abrente de Ribadavia. Nestas datas tamén colaborou co colectivo Histrión-70. En 1982, na cidade de Ourense, foi o fundador da Sala Caritel e da compañía de teatro do mesmo nome.

Con Eduardo Alonso versionou varias obras como *O enfermo imaxinario* de Molière, *Medea* de Eurípides e *As alegres casadas* de William Shakespeare. En 1998 participou no espectáculo *Valle-Inclán 98*, en coprodución co Centro Dramático Nacional (CDN), o Centro Dramático Galego (CDG) e o Centro Dramático de Viana do Castelo (Portugal), coa dirección da peza *Ligazón*. Catro anos máis tarde, dirixiu a obra de Castelao *Los viejos no deben enamorarse*, unha coprodución do CDN, o CDG e o Centro Cultural de la Villa de Madrid.



Guede Oliva foi membro do Consello Nacional de Teatro do Ministerio de Cultura entre os anos 2001 e 2004. En Portugal tamén desenvolveu unha exitosa traxectoria profesional. En concreto, coa Companhia de Teatro de Braga dirixiu en 2007 *O profesional*, texto do autor serbio Dusan Kovacevic, e en 2010, *A cabeza do Baptista*, de Ramón María del Valle-Inclán.

En 2012, de novo á fronte do Centro Dramático Galego, dirixiu a versión galega de *O profesional*, coa Companhia de Teatro de Braga como entidade coprodutora.

Entre outros moitos recoñecementos, Manuel Guede gañou en 2006 o Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais convocado pola Xunta de Galicia pola súa obra *Ocaso Otero*. Asemade, en 2011 recibiu o Premio Rafael Dieste da Deputación da Coruña co texto *A función do tequila*.

PRODUCCIÓN PROPIA

AS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TODAS AS LARANXAS

Estrea: outubro de 2014

Comezo dos ensaios: setembro de 2014



Autoría: Carlos Casares
Dirección: José Caldas
Dirección musical: Bernardo Martínez
Escenografía e figurinos: Marta Silva

En 2004, coincidindo coa celebración do seu vixésimo aniversario, o CDG incorporaba por vez primeira ao seu repertorio o teatro para nenos coa posta en escena de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares. Inaugurábase así unha nova liña programática da unidade teatral pública na que o público infantil era o gran protagonista.

Dez anos despois, a compañía pública recupera esta peza referente do teatro infantil galego por varios motivos. En primeiro lugar, pola optimización dos recursos ao reutilizar elementos escenográficos, de *atrezzo*, vestuario e outras achegas artísticas. En segundo lugar, para manter a proposta de diálogo co teatro infantil, na procura dun público que en calquera época resulta esencial no proceso de formación de novos espectadores.

Outro dos motivos ten que ver coa busca da maior rendibilidade e visibilidade social das actividades do CDG. A primeira montaxe acadou unhas cifras de ocupación espectaculares e deixou unha memoria inmemorable nos ámbitos escolares, que avala a conveniencia artística da súa recuperación. Na confianza de reeditar aquel espectacular momento, a nova proposta escénica manterá o mesmo núcleo artístico esencial: José Caldas, na dirección escénica, e Bernardo Martínez, na dirección musical.

As laranxas máis laranxas de todas as laranxas é unha das principais contribucións de Carlos Casares no ámbito da literatura infantil e xuvenil, xénero que cultivou con regularidade e no que foi pioneiro en Galicia. Esta obra, pola que en 1973 recibiu o I Premio de Literatura Dramática para a Infancia e a Mocidade da Asociación Cultural “O Facho”, foi estreada ese mesmo ano pola compañía teatral desta agrupación no marco da primeira edición da Mostra de Teatro Galego de Ribadavia. Tamén en 1973, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* —único texto teatral de Casares— foi publicada por Editorial Galaxia con ilustracións e figurinos de Luís Seoane.

A versión ideada por Caldas incorpora, así mesmo, o conto *A galiña azul*, co que Casares gañou en 1968 a primeira edición do Concurso de Contos O Facho. Ademais, todos os elementos escénicos (iluminación, maquillaxe, vestuario, escenografía, etc.) serán determinantes á hora de captar e manter o interese dos máis cativos, especialmente no caso das cancións e da música, composta por Bernardo Martínez, que será interpretada en directo polos propios actores con instrumentos populares.


CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

As laranxas máis laranxas de todas as laranxas

de Carlos Casares

Versión e dirección: José Caldas





Carlos Casares

autor

Figura clave da cultura galega contemporánea, **Carlos Casares** naceu en Xinzo de Limia en 1941. Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Foi xornalista, catedrático de Literatura Española, director da Editorial Galaxia e da revista Grial, presidente do Consello da Cultura Galega e presidente de honor de ACNUR Galicia.

Cultivou a narrativa, o ensaio, o teatro e os artigos xornalísticos, e obtivo varios premios, entre eles o Premio da Crítica Española en 1975 e o Premio da Crítica Galega en 1982.

Como escritor, deuse a coñecer no ano 1967 cun libro de relatos, *Vento ferido*, moitas veces reeditado. Desde entón publicou numerosos libros, especialmente novelas e contos, pero tamén obras de ensaio e investigación. Para nenos, ademais de traducir *Le petit prince* ao galego co título de *O principiño*, escribiu *A galiña azul* (1968), *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), *Lola anda en bicicleta* (1997), *Un polbo xigante* (2000) e a serie que ten ao neno Toribio como protagonista, entre outras obras.

Da súa ampla produción bibliográfica destacan as novelas *Cambio en tres*, *Xoguetes para un tempo prohibido*, *Ilustrísima*, *Os mortos daquel verán*, *Deus sentado nun sillón azul* e *Os escuros soños de Clío*.

Unha parte da súa actividade xornalística, a que exerceu a diario en La Voz de Galicia, foi recollida no volume *Na marxe de cada día*.

Carlos Casares finou en Vigo en 2002. A súa última creación literaria, *O sol do verán*, publicouse como obra póstuma.



José Caldas

director

Actor, autor, director, profesor e crítico teatral, José Caldas estudou na Fundación Brasileira de Teatro e Conservatório Nacional de Teatro de Brasil, na Escola de Belas Artes de París, na Escola Cit-Lit de Londres e na Escola Piloto de Educação pela Arte de Lisboa.

A súa traxectoria escénica comeza en Brasil, onde entre 1968 e 1976 traballou como actor nos espectáculos *Senhora na boca do lixo* de Jorge Andrade, *Ralé (Albergue noturno)* de Máximo Gorki, *De Bocage a Nelson Rodrigues* con dirección de Jaime Barcelos, *O Balcão* de J. Genet, e *Longe daqui, aqui mesmo* de António Bivar. Tamén foi axudante de dirección en *A Celestina*, dirixida por Ziembinski, e en *Album de família* de Nelson Rodrigues, con dirección de Jaime Barcelos. Durante a súa estada en Brasil traballou, ademais, co Living Theater.

Desde 1974 vén desenvolvendo a meirande parte das súas iniciativas profesionais en Portugal, onde puxo en escena xunto a Angel Fácio *A noite dos assassinos*, de José Triana (Os Cômicos), e fundou a cooperativa OTC (Oficina de Teatro e Comunicação) coa que produciu, dirixiu e actuou nas pezas *Navalha na carne de Plínio Marcos*, *A Grade* e *A boda dos pequeno-burgueses* de Brecht, ademais de crear cos actores *Oh mãe, deixa-me ver o aí, aí minha machadinha*.

Tamén é o autor das versións e o responsable da posta en escena dos seguintes espectáculos: *Ou isto ou aquilo*, a partir da obra de Cecília Meireles (OTC); *Tatipirun*, a partir da obra de Graciliano Ramos (TAS); *A boda dos pequenos-burgueses* de Brecht (GITT); *A vida íntima de Laura*, a partir de Clarice Lispector (Grupo Teatro Hoje); *Corda Bamba*, a partir da obra de Ligia Bojunga Nunes (CENDREV); *Chorar para rir* de Marcel Sabourin (TEC);

O gato malhado e a andorinha Sinhá de Jorge Amado (TAI); *A mulher que matou os peixes* de Clarice Lispector (Sete Ofícios); *Acende a noite*, a partir de Ray Bradbury (Sete Ofícios); *Bodas de ouro*, a partir de Brecht (TUP); *O senhor das asas grandes*, a partir de García Márquez (Pau e Tela); e *O vendedor de milagres*, tamén a partir de García Márquez (Seiva Trupe).

Esta nómina de traballos amplíase con *O Rouxinol*, a partir do conto de Andersen (Quinta Parede); *Tristerra*, a partir dos contos de Miguel Torga (Teatro Bruto); *A menor mulher do mundo*, a partir de Clarice Lispector (Art' Imagem); *O Auto do Boi*, a partir de textos de Borges, Gil Vicente e João Guimarães Rosa (Teatro Bruto); *A menina de lá*, a partir de João Guimarães Rosa (Teatro Nacional de São João); *A memória de Giz* de Agostina Bessa Luís (Art' Imagem); recreación de *O Rouxinol* (Quinta Parede-Festival dos 100 Dias); Seminario cos Actores da Cena Lusófona-Exercicio Espectáculo *O beijo no asfalto*, de Nelson Rodrigues; *A serpente* de Nelson Rodrigues (Escola da Noite); *Adamubies-Música Cénica*, a partir de Agostina Bessa Luís, Clarice Lispector, Miguel Torga, João Guimarães Rosa e Cecília Meireles (Quinta Parede); *Cordel-histórias de uma escrita falante*, a partir de textos dos indios Caxinauas, Herberto Helder e literatura de cordel portuguesa e brasileira (Quinta Parede);

O embondeiro que sonhava pássaros, a partir do conto de Mia Couto (Teatrão-Teatro para a Infância de Coimbra); e *O Rouxinol* (coprodución de Quinta Parede e Teatrão). Participa, así mesmo, no Proxecto Teatral

Radical (coprodución do Teatro Nacional de São João e da Câmara Municipal do Porto-Porto 2001) e pon en escena os espectáculos *Físico-Química* de Fernando Moreira; *O Rouxinol* (Teatro do Noroeste/Quinta Parede); *Pedrinhas de luar*, a partir dos irmáns Grimm (Teatro/Coimbra); *A boda dos pequeno-burgueses* (TAS-Teatro Animação de Setúbal), *Os três cabelos de ouro do diabo* (FC - Produções Artísticas Casa da Comédia); *Nojo*, de Robert Schneider; *Ou isto ou aquilo* (Quinta Parede - Coimbra Capital da Cultura 2003) e *Têpluquê* (Companhia de Teatro de Braga).

Dirixe e adapta para o Centro Dramático Galego *As laranxas mas laranxas de todas as laranxas*, a partir do texto de Carlos Casares e crea os espectáculos *O medo azul*, a partir da obra de Charles Perraut (Quinta Parede e Teatro Nacional D. Maria II); *O menino azul*; *Quem come a minha casinha?*, a partir do conto *Hansel e Gretel* dos irmáns Grimm; *Viagem Ligacões amorosas*; *O escaravelho contador* (Companhia de Teatro de Braga); *Brincadeiras líricas*; *As lenheiras de cuca macuca*; *Os músicos de Bremen*, a partir do conto dos irmáns Grimm; *Acende a noite*, a partir do conto de Ray Bradbury; *Il Colombre*, a partir do conto de Dino Buzzati; e *As Intermittências da Morte*, a partir do romance de José Saramago.

José Caldas foi recoñecido con diversos galardóns, entre os que destacan o Premio da Asociación Portuguesa de Críticos Teatrais ao mellor espectáculo teatral nos anos 1979, 1981 e 1984, e o Premio 10 anos do 25 de abril polo conxunto da súa obra, concedido pola mesma asociación en 1985. En Francia foi distinguido co Premio á Mellor Interpretación da Biennale Théâtre Jeunes Publics Lyon'93.

Entre 1987 e 1990 participa en varios espectáculos en Italia —*Accendi la notte e I venditori di miracoli* (Assemblea Teatro), *L' Intimo dizordine (Oltre l' Animazione)* e *La Terza Sponda* (Centro Teatrale Bresciano)— e en 1992-1993 intervén en Francia en *La vie intime de Laura* (Biennale Théâtre Jeunes Publics-TJA-Lyon).

Ten realizado distintos traballos en televisión (RTP 1) e impartido varios cursos de animación teatral para o Ministerio de Educación portugués, a Fundación Gulbenkian e a Câmara Municipal de Porto, entre outras institucións, moitos deles relacionados co teatro infantil. Neste ámbito, crea o colectivo PROMETHEA (Rede Europea de Reflexión sobre o Teatro para a Infancia e a Xuventude) e é designado delegado de Portugal no executivo da ASSITEJ (Associação Internacional de Teatro para a Infância e Juventude), participando tamén en multitude de festivais internacionais.

Ademais de escribir crítica teatral en *O jornal de Lisboa* e no *Jornal de Notícias* de Oporto, é autor de publicacións como *Théâtre pour l' enfance et la jeunesse au Portugal*, *O instante plural, 20 anos de teatro e miscigenação* ou *Teatro na escola-A nostalgia do inefável*.

Fundador da Associação Cultural Quinta Parede en Vila do Conde e profesor na Academia Contemporânea do Espectáculo de Porto, José Caldas ten participado en distintas actividades artístico-pedagóxicas e organiza coa Facultade de Psicoloxía e Ciencias da Educación o I Encontro Europeo de Teatro/Escola.

COPROD

DUCCIÓN

COPRODUCCIÓN



TOUPORROTOU DA LÚA E DO SOL

TEATRO DO NOROESTE en coprodución co CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Do 4 ao 20 de outubro. Estrea: venres 4, ás 19.00 h

Funcións familiares: sábados 5, 12 e 19 e domingos 6, 13 e 20, ás 18.00 h

Funcións escolares: martes 8 e 15, mércores 9 e 16,
xoves 10 e 17, e venres 11 e 18, ás 10.00 e ás 12.00 h

Autoría: Roberto Vidal Bolaño
Dirección e iluminación: Eduardo Alonso
Dirección e composición musical: Bernardo Martínez
Escenografía e vestuario: Paco Conesa
Elenco: Victoria Pérez, Alejandro Carro,
Fernando González e Laura Míguez

Teatro do Noroeste coproduce co Centro Dramático Galego, e en colaboración coa Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia, esta nova versión do texto que moitos especialistas na obra de Vidal Bolaño consideran como o de máis alta calidade escénica de todos os que escribiu para o público infantil. O espectáculo insírese na programación especial que a Consellería de Cultura e Educación dedica este ano ao autor homenaxeado no Día das Letras, contribuíndo deste xeito á promoción e difusión da súa figura e da súa obra entre os espectadores máis novos.

Touporroutou da lúa e do sol preséntase como unha "farsada choqueira para actores e bonecos, ou viceversa" na que catro titiriteiros axúdanse dos máis diversos elementos para contar historias sobre a orixe certa da lúa e o sol e dos días e as noites, do diluvio universal e de como acertar cos tesouros e tratar os mouros, as fadas e sobre todo as serpes e os xigantes que gardan os tesouros. E como, ao cabo, débese usar o mellor tesouro, que é a imaxinación, e que non hai ningún outro de máis mérito no Universo Mundo. Todo aderezado por Roberto Vidal Bolaño, aínda que pasado un chisco polo señor Álvaro Cunheiro.

Creada por Luma Gómez e Eduardo Alonso, profesionais cunha dilatada experiencia teatral, a compañía Teatro do Noroeste comezou a súa actividade en 1987. Ten realizado máis de 32 montaxes teatrais, tanto de textos clásicos, como *Medea* de Eurípides, *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis* de William Shakespeare; e de autores contemporáneos, basicamente galegos, como *Unha rosa é unha rosa* de Suso de Toro, *A grande noite de Fiz* de Miguel Anxo Murado ou *Campo Sur* de Lino Braxe, entre outros. Tamén produciu espectáculos musicais como *Imperial: Café Cantante. Vigo 1936* e *Glass City (Cidade de Cristal)*, de Eduardo Alonso.

Recibiu o Premio Max de textos teatrais polas montaxes *Extrarradios (comedia das mulleres desamparadas)* e *Último cowboy*, os dous de Eduardo Alonso.

Non é a primeira vez que Teatro do Noroeste aborda un texto infantil, xa o fixera con *O país acuático* e posteriormente con *Piratas*, os dous de Eduardo Alonso.



COPRODUCCIÓN

SEM HERÓI NEM REINO

COMPANHIA DE TEATRO DE BRAGA (Portugal) en coprodución
con ELINGA TEATRO (Luanda, Angola) e CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
Funcións en Santiago: xuño de 2014

Autoría: José Mena Abrantes

Dirección: Rui Madeira

Escenografía: Alberto Péssimo

Elenco: 4 actores portugueses, 4 actores angolanos, 1 actor galego, figurantes angolanos, escollidos tras un obradoiro en Luanda; 3 músicos percusionistas angolanos

José Mena Abrantes é considerado un dos principais dramaturgos angolanos da actualidade, cun extenso currículo dedicado ás artes escénicas, tanto na escrita coma na produción teatral. Desde 1988, é director e escenógrafo da compañía Elinga Teatro e obtivo en tres ocasións (1986, 1990 e 1994) o Premio Sonangol de Literatura, máximo galardón da literatura de Angola.

Mena Abrantes escribiu en 1997 *Sem Herói nem Reino ou o Azar da Cidade de S. Filipe de Benguela com o Fundador que lhe Tocou em Sorte*, un drama no que se vale de personaxes históricos para denunciar a dominación do pobo de Angola por parte de Portugal e España, a conquista da terra e a imposición da doutrina cristiá a través da catequización. Así, o rei Felipe III de España, a raíña africana Njinga Mbande, un padre xesuíta, un xurista de profesión vido de Brasil e o gobernador e protagonista da trama, o portugués Manuel Cerveira Pereira, reconstrúen a época comprendida entre os anos 1602 e 1621 que deveñen na fundación do reino e da cidade de Benguela.

A posta en escena deste texto permite seguir afondando nas relacións co espazo da lusofonía, ámbito estratéxico nas relacións culturais e no que as artes escénicas teñen acadado un exemplar percorrido. Grazas á participación do CDG como entidade coprodutora, dous profesionais galegos formarán parte do equipo artístico da montaxe, interpretando, por unha banda, o papel do Rei de España e, por outra, asumindo o deseño da iluminación.

Despois da súa estrea en Luanda, prevista para o ano 2014, o espectáculo xirará por Angola, Portugal e Galicia.

COPRODUCCIÓN

A TEMPESTADE

VOADORA en coprodución co CENTRO DRAMÁTICO GALEGO, a MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA, o CENTRO CULTURAL VILAFLOR (Guimarães) e as compañías portuguesas AO CABO TEATRO e TEATRO BRUTO

Estrea: outubro de 2014

Autoría: William Shakespeare

Dirección: Marta Pazos


Composición musical: José Díaz e Hugo Torres

Escenografía: Marta Pazos

Coreografía e vestuario: Uxía P. Vaello

Iluminación: Jose Álvaro Correia

Produción: José Díaz



Próspero, duque de Milán, inmerso nos seus estudos, é traizoado polo seu irmán Antonio, quen o expulsa nun golpe de estado e o abandona no mar á súa sorte xunto á súa pequena filla Miranda. A familia desembarca nunha illa deserta onde vivirán entre monstros e espíritos. Doce anos despois, o azar fai que os traidores naveguen cerca da illa. A obra comeza precisamente aquí, cando Próspero provoca unha tempestade que arrastrará os seus inimigos á illa. A maxia de Próspero obriga aos personaxes a unha autorrevelación.

A tempestade é o último texto escrito por Shakespeare, a suma da súa arte e de toda a súa experiencia teatral. Trátase dunha tensa obra experimental sobre a exploración do perdón, a familia, o final do traballo, o final da enerxía. A versión de Voadora promete unha posta en escena intensa, moi física e moi plástica que dará como resultado unha marusía de amor penetrante, traizón encarnizada e comedia hilarante; e todo isto, ao redor do piano, pois a música estará presente todo o tempo: o ritmo da música e o ritmo do texto.

Voadora é unha das compañías emerxentes no actual panorama do teatro galego profesional. Nace en 2007 da man do actor-músico Hugo Torres, o produtor-realizador-músico José Díaz e a directora-actriz-artista plástica Marta Pazos. Os seus traballos de investigación en creación contemporánea caracterízanse por un importante compoñente musical, estético, sorpresivo e evocador.

COLABOR

RACIÓNS

P-STAGE

AS ORAÇÕES DE MANSATA

P-STAGE (PORTUGUESE-SPEAKING THEATRE ACTORS GATHER ENERGIES)

Autoría: Abdulai Sila

Dirección: António Augusto Barros

Elenco: Rogério Boane (Mozambique/Portugal), Igor Lebreaud (Portugal), Paulo Figueira (Angola), Miguel Magalhães (Portugal), Ella Nascimento (Salvador, Brasil), Solange Sá (Portugal), Jorge Biague (Guinea Bissau), Marleny Musa (Angola), Emílio Lucombo (Angola), Wilson de Sousa – “Pepelinho” (San Tomé e Príncipe), Amador Fernandes – “Flasquim” (San Tomé e Príncipe), Trindade Costa (Guinea Bissau), Ridson Reis (Salvador, Brasil)

Escenografía: João Mendes Ribeiro

En decembro de 2012 o CDG adheríase como socio no proxecto internacional de teatro P-STAGE, unha iniciativa liderada pola Cena Lusófona (Portugal) e da que tamén forman parte a compañía Elinga Teatro de Angola, a ONG AD-Acção para o Desenvolvemento de Guinea Bissau e o Centro de Intercâmbio Teatral de São Tomé e Príncipe. O proxecto abrangue a realización de tres obradoiros de interpretación en Angola, Bissau e San Tomé, a construción dun espectáculo en coprodución internacional, así como a circulación e exhibición escénica do espectáculo producido. O texto escollido para o espectáculo final foi *As Orações de Mansata*, orixinal do dramaturgo guineano Abdulai Sila. Con dirección de António Augusto Barros e un elenco formado por trece actores e actrices, a obra estrearase o 17 de outubro no Teatro da Cerca de São Bernardo, en Coimbra, e iniciará despois unha xira por todos os destinos participantes. O texto, baseado na traxedia *Macbeth* de William Shakespeare, xorde de “un desafío” que Augusto Barros fixo a Abdulai Sila e foi editado en 2007, sendo a primeira peza de teatro de Guinea Bissau publicada.

Un equipo formado por un director escénico profesional, un iluminador e o director da produción final dirixiron tres talleres de formación que, a partir de pezas de teatro e textos literarios de autores de lingua portuguesa, trataron sobre técnicas de representación e nocións básicas de dramaturxia, dirección, escenografía, iluminación e figurinos. Destas tres accións formativas, foron seleccionados tres actores angolanos, dous de Guinea Bissau e dous de San Tomé e Príncipe que se xuntaron ao elenco de tres portugueses e un mozambicano das compañías A Escola da Noite, de Coimbra, e Teatro Circo, de Braga, e dous brasileiros do Bando de Teatro Olodum, de Salvador de Bahía.

O director e dramaturgo galego Cándido Pazó foi o encargado de impartir un dos obradoiros de interpretación que, baixo o título “Da oralidade á teatralidade”, se celebrou nas instalacións de AD-Acção para o Desenvolvemento, en Guinea Bissau, o pasado mes de abril. O programa de formación culminou coa presentación pública dunha aula aberta no Centro Cultural Francés da capital guineana.

Representacións

Coimbra (Portugal), Teatro da Cerca de São Bernardo (do 17 ao 27 de outubro de 2013); **Braga (Portugal)**, Teatro Circo (do 31 de outubro ao 3 de novembro de 2013); **Évora (Portugal)**, Teatro Garcia de Resende (8 e 9 de novembro de 2013); **Campo Benfeito-Castro Daire (Portugal)**, Espaço Montemuro (15 de novembro de 2013); **Salvador de Bahía (Brasil)**, Teatro Vila Velha (21, 22 e 23 de marzo de 2014); **Santiago de Compostela (España)**, Salón Teatro (abril de 2014); **Bissau (Guinea Bissau)**, Centro Cultural Francés (maio de 2014); **Luanda (Angola)**, Elinga Teatro (maio de 2014).

TROCO x TROCO

Troco x Troco é un novo circuito de difusión teatral a través do que se busca potenciar o intercambio entre Galicia e Portugal, ao tempo que se favorece a comunicación intercultural e a proxección no ámbito da lusofonía.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e do Centro Dramático Galego colabora coa asociación portuguesa Cena Lusófona na posta en marcha desta iniciativa. A prioridade é recuperar e normalizar as relacións entre as escenas galega e portuguesa, de xeito que o diálogo teatral traspase o ámbito exclusivamente profesional e implique tamén os espectadores de ambos países.

Aténdese así ao principio de coordinación entre entidades públicas cara á racionalización da xestión administrativa, que deriva aquí en sinerxías

de traballo enriquecedoras para ambas partes e, en especial, para os concellos, as compañías e o público en xeral.

En virtude deste proxecto, a coprodución do CDG e Teatro do Noroeste *Touporroutou da lúa e do sol* escenificárase no Theatro Circo de Braga (24 de outubro), no Teatro Garcia de Resende de Évora (26 de outubro) e no Teatro do Campo Alegre de Porto (2 de novembro).

Asemade, o Salón Teatro de Santiago acollerá este ano 2013 a posta en escena de *Sabe Deus pintar o diabo*, a cargo da Companhia de Teatro de Braga (31 de outubro) e *Adivinhe quen vem para rezar*, da compañía SeivaTrupe de Porto (7 de novembro). Xa en 2014, presentaranse no espazo compostelán os espectáculos *Novas directrizes em tempos de paz*, da Escola da Noite de Coimbra e unha nova produción do Centro Dramático de Évora.



SALÓN

TEATRO

SALÓN TEATRO

Nesta nova temporada, a sede do Centro Dramático Galego en Santiago acollerá unha programación aberta ás distintas disciplinas artísticas. As que se relacionan a continuación son as actividades programadas polo Salón Teatro durante o último trimestre deste ano 2013.



audiovisual



danza



música



teatro

OUTUBRO



Touporroutou da lúa e do sol

COPRODUCCIÓN DO CDG E TEATRO DO NOROESTE

Do 4 ao 20 de outubro. Estrea: venres 4, ás 19.00 h

Funcións familiares: sábados 5, 12 e 19 e domingos 6, 13 e 20, ás 18.00 h

Funcións escolares: martes 8 e 15, mércores 9 e 16, xoves 10 e 17, e venres 11 e 18, ás 10.00 e ás 12.00 h
[ver páx. 20]



Vertixe Sonora Ensemble Xornadas de música contemporánea

Organiza: Concello de Santiago
Martes 22, ás 20:30

Colectivo flexible que integra destacados solistas de música contemporánea de Galicia e Portugal, Vertixe Sonora Ensemble favorece un espazo aberto á reflexión, discusión e intercambio no campo da música contemporánea. Está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e a danza cunha común vontade por desenvolver propostas musicais que teñan unha perspectiva artística global e que encontren na busca da excelencia artística e no forte compromiso coa música e os creadores do noso tempo a súa razón de ser.

Xorde para favorecer a creación de producións musicais de actualidade, manter unha estrutura estable de encargos e dinamizar o espectro sonoro contemporáneo desde o vértice peninsular dunha forma que resulte significativa a nivel internacional.

A partir dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro establece un constante diálogo e interacción co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía e outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión nin ao espírito de vangarda.

Programa

Generación Kill, batalla final // Esaias Jarnegard (1983) // Nattarbette* (2009) // Stefan Prins (1979) // Generation Kill*, para percusión, guitarra eléctrica, violín, violoncelo // 4 game controllers, 4 vídeo-proxeccións e electrónica en vivo (2012) // Alberto Posadas (1967) Versa est in luctum, para saxofón, acordeón, violoncelo, percusión e electrónica (2002)

* Estrea en España



Concurso de Teatro Xuvenil “Xuventude Crea”

Organiza: Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Mércores 23, xoves 24 e venres 25 de outubro, ás 17:00 e ás 20:30 h

No marco do certame de creadores novos “Xuventude Crea” convocado pola Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral

de Xuventude e Voluntariado, actuarán os finalistas da modalidade de teatro. A entrada será de balde.



Gil Vicente na horta

TEATRO NACIONAL DONA MARIA II (Portugal)

Teatro Principal de Santiago, venres 25 e sábado 26, ás 21.00 h

Funcións promovidas pola Agadic en colaboración co Concello de Santiago

A partir de *O Velho da horta* e outros textos de Gil Vicente

Dirección e escenografía: João Mota

Figurinos: Carlos Paulo

Deseño de luz: José Carlos Nascimento

Dirección musical e sonoplastia: Hugo Franco

Elenco: João Grosso, José Neves, Lúcia Maria, Manuel Coelho, Maria Amélia Matta, Alexandre Lopes, Marco Paiva, Simon Frankel e Bernardo Chatillon, Joana Cotrim, Jorge Albuquerque, Lita Pedreira, Luis Geraldo e Maria Jorge

Idioma: portugués

O Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa pon en escena esta peza construída a partir de *O Velho da horta* e outros textos de Gil Vicente, primeiro autor en lingua portuguesa que marcou a transición da época medieval ao Renacemento. Nesta farsa, onde se exalta a vitoria da xuventude contra a vellez e a morte, o espectador é colocado diante dunha intriga enxeñosamente construída. *O Velho da horta* é unha peza de enredo, na que se desenvolve unha acción continua e encadeada cun personaxe marcado polo conflito entre a razón e o sentimento amoroso: “Que morrer é

rematar” e “amor non ten saída”. A partir do sono-pesadelo do Velho, evócanse neste espectáculo algunhas das máis importantes obras de Gil Vicente: *Todo o mundo e ninguém*, *Barca do Inferno*, *Auto da Cananeia*, *Auto da Alma*, *Auto da Festa*, *Auto Pastoril Português*, *Tragicomédia do Inverno e Verão* e *Auto da Índia*.

A intemporalidade da obra de Gil Vicente é recuperada neste espectáculo popular, sagrado e profano que atravesa o tempo ata hoxe cunha cativante perspectiva sobre a sociedade contemporánea.



A cicatriz branca

Domingo 27, ás 18.00 h; luns 28, ás 20.30 h

Guión e dirección: Margarita Ledo Andión

Dirección de fotografía: Pablo Cayuela Miguel

Son: David Machado, Sebastián Sonzogni e Xoan Escudero

Edición: Ramiro Ledo Cordeiro

Música: Abe Rábade

Produtoras: Nós, Produtora, Cinematográfica Galega, Haddock Films e CRTVG

Elenco: Eva Veiga, Xabier Deive, Lino Braxe, Tamar Novas, Margarita Fernández, Mónica Camaño, Xoana Pintos, Clotilde Iglesias, Néstor Ageitos e Darío Ageitos

Ao longo da primeira metade do século XX, miles de mulleres saíron soas de Galicia cara a América. Moitas delas eran ilegais, con papeis que falsificaban a súa idade e mesmo a súa identidade. Historias ordinarias como a de Merce, destinada a servir e, da noite á mañá, despedida. Sen lugar ao que ir nin ninguén a quen acudir, Merce pasa tres días e tres noites na

Estación Constitución, onde a súa vida se enlaza coa doutras emigrantes. Á par dun traballo na fábrica Mil8, Merce casa, asiste a clases de contabilidade nalgunha das Sociedades Galegas e un día a norma esnaquíza-se por algo tan simple como quedar prendada dunha situación que non sabe nomear.

SALÓN TEATRO



Sabe deus pintar o diabo

COMPANHIA DE TEATRO DE BRAGA

Xoves 31, ás 20.30 h

Autoría: Abel Neves

Dirección: Rui Madeira

Escenografía e figurinos: Pintor Alberto Pésimo, Arqtº Jorge Gonçalves

Deseño de iluminación: Fred Rompante

Deseño de son: Pedro Pinto

Elenco: António Jorge, Carlos Feio, Nzady

Idioma: portugués

Andan por aí. Viñeron de preto, pero de onde non sabemos. Os seus nomes sonnos revelados: Feliciano e Raimundo. Abrigados no último piso dun vello edificio, escolleron ser autores dunha especie de fin do mundo. Cómplices dunha acción degradante con motivos que fan pensar sobre a lama onde a humanidade repetidamente se deixa atrapar, Feliciano e Raimundo, amigos de circunstancia, considéranse portadores dunha razón capaz de dar acerto ao

mundo, e non se aflixen coa opción que decidiron, pero senten o nerviosismo que algún humor inquietante deixa translucir. Encontráronse e o que sabemos é que se entenderon para un xogo de exterminio. As súas biografías, se as coñecésemos ao pormenor, non darían para explicar o que son capaces de facer. E o que eles fan nunca debería facerse.

Abel Neves

NOVEMBRO



Galicia Escena Pro



Mostra Galega das Artes Escénicas

Organiza: Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

Luns 4, martes 5 e mércores 6



Adivinhe quem vem para rezar

SEIVA TRUPE (Portugal)

Xoves 7, ás 20.30 h

Autoría: Dib Carneiro Neto

Dirección: Júlio Cardoso

Escenografía: José Carlos Barros

Deseño de iluminación: Júlio Filipe

Deseño de son: José Prata

Elenco: António Reis e Jorge Loureiro

Idioma: portugués

Adivinhe quem vem para rezar é unha peza de teatro que trata de personaxes masculinos conversando sobre o amor, sobre o que non falaron durante os seus anos de convivencia ou de coexistencia. Diante da cámara, o universo masculino e as mulleres das súas vidas, con homes

para os cales conversar é complicado demais, feminino demais. Pero se non falan... Con palabras trazan o seu universo masculino, provocan a reflexión e amosan que o diálogo é sempre necesario.



Festival Cineuropa

Organiza: Concello de Santiago

Do 8 ao 29



Roberto Vidal Bolaño Recuperado, Citas Audiovisuais

Proxeccións/Conferencias

Ás 19.00 h

Mércores 13, *As actas escuras*

Xoves 14, *Xelmírez ou a gloria de Compostela*

Mércores 20, *A burla do galo*

Xoves 21, *Mar revolto*

Mércores 27, *Rastros*

Xoves 28, *Caprice de Dieux*

Celébrase a segunda quenda do ciclo de proxeccións audiovisuais de distintas obras teatrais de Roberto Vidal Bolaño. A través dos fragmentos de vídeo comentados pola escritora, crítica teatral e profesora da ESAD de Galicia Inma López Silva e polo profesor Xosé Manuel Fernández Cas-

tro, autor do estudo *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*, e a posterior participación do público, o CDG ofrece unha nova plataforma para aprofundar na divulgación da dramaturxia e o oficio escénico da que é unha das figuras claves na historia do teatro profesional galego.



Memoria das Memorias dun neno labrego

ABRAPALABRA PRODUCCIÓNS

Celebración da representación número 100

Sábado 30, ás 20.30 h; domingo 1, ás 18.00 h

Funcións escolares: luns 2 e martes 3

Dirección, adaptación e cómico-narrador: Cándido Pazó

Escenografía, vestuario e atrezzo: Carlos Alonso

Iluminación: Afonso Castro

Música orixinal: Manuel Riveiro

Videocreación: Nano Besada Caneda e Ruben Vidal "Zé"

Memorias dun neno labrego, de Xosé Neira Vilas, foi publicado en Bos Aires en 1961 e é considerado hoxe un dos libros clave da literatura galega, así como o máis editado, lido e traducido. Para conmemorar o seu cincuentenario, a compañía Abrapalabra presentaba en 2011 un espectáculo emotivo e divertido no que se conta a experiencia de Cándido Pazó como autor, actor e director teatral coa súa longa e recoñecida traxectoria como contador de historias e monoloxuista cómico. Tras iniciar a súa segunda temporada de exhibición, celebra agora a súa función número cen.

Memoria das Memorias dun neno labrego parte das historias de Balbino contidas no libro de

Neira Vilas para falar das sensacións que lle produciron a centos de miles de lectores. Lectores que, pertencentes a varias xeracións, forman parte dunha sociedade que nestes últimos 50 anos foi deixando de ser eminentemente rural para iniciar a travesía cara un universo máis urbano, nunha viaxe chea de interseccións e mestizaxes que axudan a explicar a nosa moderna identidade.

Neste contexto, nas *Memorias dun neno labrego* viuse reflectida a memoria dunha boa parte da sociedade galega, dos miles e miles de nenos labregos, ou fillos, netos, bisnetos ou tataranetos de nenos labregos que leron o libro.

DECEMBRO



Concerto de danzas galegas

GRUPO DE CÁMARA SANTA LUCÍA

Mércores 4, ás 20.30 h



Festival de Teatro Aficionado Agustín Magán

Organiza: Federación Galega de Teatro Aficionado (FEGATEA)

Do xoves 5 ao domingo 8

O Salón Teatro acolle a 12ª edición do Festival de Teatro Aficionado Agustín Magán con com-

pañías representativas do teatro amator galego e da súa evolución.



Criaturas

TEATRO DO AQUÍ

Xoves 12, venres 13 e sábado 14, ás 20.30 h; domingo 15, ás 18.00 h

Autoría: Roberto Vidal Bolaño

Dirección: Evaristo Calvo

Iluminación: Roberto Vidal Bolaño

Escenografía: Júlia Brens

Vestuario: Gonzalo Vilas

Caracterización da Criatura: Rodrigo Roel, Gato

Elenco: Belén Constenla, Marcos Orsi, Vicente de Souza e Xoán Carlos Mejuto

En *Criaturas*, peza distinguida co Premio Eixo Atlántico 1999, co Premio María Casares 2000 ao mellor texto orixinal e co Premio Max para textos teatrais en galego en 2001, Roberto Vidal Bolaño indaga e pon de manifesto o que a razón ou a civilización pode ter producido de monstruoso nas persoas ou no que as rodea. Así, a través de personaxes anónimos e cotiáns, perfílanse criaturas que veñen tiradas da observa-

ción da propia realidade e como pretexto para poñer ao descuberto trazos insospeitados a partir da súa aparente normalidade.

Vidal Bolaño válese do mito de Frankenstein como recurso dramático, cando o monstro, antes de se illar definitivamente da civilización, achégase ao noso presente para observalo por derradeira ocasión, nunha viaxe feita dende o humor, a ironía e o sarcasmo.



Apnea (Variación 2ª)

AULA DE TEATRO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teatro – Estrea

Martes 17, ás 21.00 h

Autoría e dirección: Roberto Salgueiro



BailadELAS

TEATRO ANTROIDO

Xoves 19, venres 20 e sábado 21, ás 20.30 h

Autoría: Roi Vidal / Adaptación sobre textos de R. Vidal Bolaño

Dirección: Xavier Estévez

Composición musical: Anxo Graña

Escenografía: Teatro Antroido

Audiovisual: Tingalaranga

Elenco: Laura Ponte

Composto por cinco cadros escénicos tirados dos textos de Roberto Vidal Bolaño —*Laudamuco, señor de ningures, Bailadela da morte ditosa, Saxo tenor, Rastros e Criaturas*—, *BailadELAS* aborda a importancia da muller nos textos do autor na procura das liñas mestras que caracterizan as súas personaxes femininas e demostra, neste sentido, ata que punto a muller atopa no conxunto da súa creación escénica un papel en sintonía coa exaltación da dignidade e a loita pola liberdade como temáticas recorrentes do universo bolañano.

O espectáculo artículase arredor de diferentes monólogos, presentados e ensamblados entre

si por unha personaxe central —inspirada tamén noutro dos textos do dramaturgo, *Sen ir máis lonxe*— a través da conversa que mantén con outro personaxe mudo sobre o ben e o mal, o xusto e o inxusto. Tamén o resto das mulleres desta montaxe achéganlle ao espectador un amplo abano de liñas argumentais moi presentes na obra de Roberto Vidal Bolaño: o poder liberador da revolución diante do servilismo, a xente sen esperanza, a afouteza e a incredulidade ante metas utópicas, o amor e o desamor, a soidade non elixida ou a crítica retranqueira, entre outras.



O príncipe e o parrulo

EME2 EMOCIÓN&ARTE

Venres 27 e sábado 28, ás 18.00 h

Público infantil (a partir de 3 anos)

Autoría: Javi Tirado e Jokin Oregi

Dirección: Alex Díaz

Escenografía: Javi Tirado

Deseño de son e música: Fran Lasuen

Deseño de iluminación: Javi Ulla

Elenco: Rocío González e Lucía Regueiro

Esta é unha pequena historia, tan pequena que só precisa un castelo, unha árbore e unha casa para ser contada. Pero esta pequena historia fala de cousas moi grandes. Nela, dous pequenos personaxes descubren que non hai nada tan divertido como ter alguén con quen compartir, con quen xogar. Decátanse de que non hai nada tan grande coma un amigo.

Este espectáculo mestura as marionetas coa interpretación de dúas actrices, Lucía Regueiro e Rocío González, para contarnos unha fermosa historia sobre o valor da amizade e a solidariedade. Nunha sinxela posta en escena, a música, composta por Fran Lausen, antigo membro de Oskorri, ten un papel protagonista.



Ciclo Blues Nite Nadal. Adrián Costa e o maquineto

Domingo 29, ás 20.30 h

Venda entradas: Teatro Principal (de martes a sábado, de 18.00 a 21.00 h)

6 € (anticipada) / 8 € (billeteira)

O cantante e guitarrista de Los Reyes del K.O., Adrián Costa, ofrecerá unha actuación en solitario na súa cidade natal por Nadal. El e o seu "maquineto" (un vello *sampler* que sempre o acompaña e lle permite gravarse e regravarse co fin de que a xente baile) presentarán todas as influencias adquiridas neste últimos tres

anos na súa residencia californiana.

Blues Nite é un ciclo novo que o departamento de Cultura do Concello de Santiago puxo en marcha este ano ao considerar que o blues ten forza suficiente como para ter un espazo propio na programación.

VENDA DE ENTRADAS

salón teatro

Salón Teatro
Rúa Nova, 34
Santiago de Compostela

Billeteira: Tel. 981 58 49 78
(Aberta desde dúas horas antes do comezo de cada espectáculo)

As entradas para asistir aos diferentes espectáculos poranse á venda no despacho de billetes do Salón Teatro, que permanecerá aberto desde dúas horas antes do comezo da función. Ademais, poderán adquirirse por anticipado na billeteira electrónica da web <http://www.entradas.novagaliciabanco.es> e no teléfono **902 43 44 43**.

O prezo das localidades é de 10 euros (con descontos do 40 por cento para estudantes, xubilados, usuarios do carné xoven, desempregados e determinados colectivos profesionais) e de 5 euros para as funcións do domingo, día do espectador.

Máis información en www.centrodramatico.org



